


Os actuais obxectivos da xestión do parque inclúen: a promoción dos usos produtivos sostibles forestais e gandeiros, a conservación e mellora dos ecosistemas, a prevención de incendios forestais e a posta en valor do patrimonio cultural.

De acordo con estes obxectivos, o parque foi dividido en diferentes zonas (de produción, de conservación, de prevención de incendios e de uso recreativo). Nas zonas tanto de produción coma de conservación, levouse a cabo a plantación a baixa densidade de especies arbóreas autóctonas de especial valor ecolóxico.

A zona de prevención de incendios consiste nunha devasa que protexe as aldeas de A Fraga e o Toxaliño da propagación do lume.

Finalmente, na zona de uso recreativo inclúense un área de estacionamento, unha pequena área recreativa con parque infantil e mais un arboredo, no cal se expoñen diferentes tipos de agrupacións e especies forestais características de Galicia.

Comunicando as distintas zonas, existen catro sendas que proporcionan, ademais, un percorrido polos diferentes valores do parque.



### Parque Forestal Val de Tielas

O Parque Forestal Val de Tielas é un espazo natural público, de 46,5 hectáreas (ha) de superficie, que busca protexer os valores socioambientais e o uso forestal do monte galego, froito das iniciativas do Concello de Covelo, da Comunidade de Montes de San Salvador de Prado e da Deputación Provincial de Pontevedra.

No límite norte do parque atópase o curso alto do río Tea definindo as antas co Concello de Avión (Provincia de Ourense). O río Tea é un dos principais valores ambientais da comarca, sendo obxecto de diferentes figuras protección, coma a Zona Especial de Conservación do Río Tea ou a zona de protección da toupá de auga (*Galemys pyrenaicus*). Na esquina nordeste do parque atópase a Capela de Nosa Señora da Xestosa, a capela situada a maior altitude da provincia de Pontevedra (985 m). O edificio actual da capela foi construído a comezos do século XIX no entorno dunha tumba antropomorfa datada entre os séculos IX e X.

O parque atópase na ladeira pontevedresa da Serra do Faro de Avión, preto do punto de maior altitude da provincia (Faro de Avión, 1151 m).

O ambiente do parque caracterízase polo clima oceánico, con temperaturas medias anuais de entre 12 e 13 °C e precipitacións de 1800 mm anuais, e o característico paisaxe granítico de montaña, con solos superficiais e moi pedregosos, con presenza de esquistos cara o suroeste do parque.

No tocante á vexetación, as únicas especies arbóreas espalladas de xeito natural son os acivros (*Ilex aquifolium*), os salgueiros (*Salix atrocinerea*) venciados ás canles de auga e os carballos (*Quercus sp.*) e pereiras silvestres (*Pyrus bourgeana*) que se atopan no suroeste do parque.



# PARQUE FORESTAL VAL DE TIELAS

CMVMC SAN SALVADOR DE PRADO